

Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 8ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar a substitución dos helicópteros “Sikorsky S-76 C+”, coñecidos como “Pesca I” e “Pesca II”, polos Dauphin 365” que pertencían á Xunta de Galicia no ano 2005.

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que, con respecto das aeronaves que se están empregando para o servizo de salvamento, descartadas polo propio Goberno no ano 2012:

1º) Realice de xeito inmediato as xestións necesarias para reclamarlle á empresa concesionaria do servizo de salvamento marítimo a prestación do servizo con aeronaves que non fosen retiradas con anterioridade e se adapten ás costas galegas.

2º) Exixa á empresa concesionaria o cumprimento das condicións técnicas necesarias para o desenvolvemento do salvamento marítimo.

3º) Asuma responsabilidades pola negligente xestión de recursos públicos.

Pazo do Parlamento, 11 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

María Dolores Toja Suárez na data 12/04/2018 17:19:39

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/04/2018 17:19:58

Partido dos
Socialistas
de Galicia



 Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 8ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre a creación pola Xunta de Galicia dunha plataforma online para a venda de peixe e marisco das lonxas galegas (doc. num. 19645).

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir *in fine* o seguinte texto:

“... que recolla todas as garantías legais e administrativas actualmente existentes nos sistemas de poxa directa que se efectúan nas lonxas.”

Pazo do Parlamento, 12 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 12/04/2018 17:55:57

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/04/2018 17:56:09